

## **12.- POS+ADICIONAL 1/2020 POR APLICACIÓN DE PARTE DO SUPERÁVIT DE OPERACIÓN NON FINANCEIRAS (SONF) DO EXERCICIO 2019, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19**

Esta Base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 1/2020, para a aplicación dunha parte do Superávit de operacións non financeiras (SONF) do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, aplicable ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, de acordo co disposto no artigo 3, en relación co artigo 1.2, do Real decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, (BOE nº 73 do 18 de marzo de 2020); e de acordo co disposto no artigo 20 do Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19 (BOE Nº 91 do 1 de abril de 2020).

### **12.1.- OBXECTO**

De acordo con estas normas, o SONF destinarase a financiar gastos sociais extraordinarios derivadas do COVID-19, que se concretan nos gastos de investimento incluídos na política de gasto 2.3 de Servizos sociais e promoción social, prevista na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais; e tamén, con carácter excepcional e para estes exclusivos efectos, nas prestacións sinaladas no artigo 1.2 do citado Real decreto-lei 8/2020.

Dado que esta Deputación xa ten outros Plans de cooperación cos concellos destinados ao financiamento dos investimentos da dita política de gasto 2.3, este POS+Adicional 1/2020 vaixe destinar unicamente ao financiamento das prestacións sinaladas no artigo 1.2 do citado Real decreto-lei 8/2020, que son as que de seguido se indican:

#### **Prestacións sinaladas no artigo 1.2 do Real decreto-lei 8/2020.**

Artigo 1.2.

- a) Reforzar os servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia, compensando así o peche de comedores, centros de día, centros ocupacionais e outros servizos similares, considerando o maior risco que asumen estas persoas en caso de contaxio. Estes servizos comprenden a axuda a domicilio en todas as súas modalidades e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa usuaria.
- b) Incrementar e reforzar o funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria de maneira que incrementen o ritmo de contactos de verificación e a vixilancia da poboación beneficiaria deste servizo.
- c) Trasladar ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, os servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares, considerando a suspensión de atención diúrna en centros.
- d) Reforzar os dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados, asegurando que tanto elas como quen as atenden estean debidamente protexidas, e posibilitar a ampliación, tanto no tempo de estancia como en intensidade, dos mesmos.
- e) Reforzar os persoais de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario realizar substitucións por prevención, por contaxio ou por prestación de novos servizos ou sobrecarga do persoal.
- f) Adquisición de medios de prevención (EPI).

g) Ampliar a dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.

h) Reforzar, con servizos e dispositivos adecuados, os servizos de respiro a persoas cuidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentais e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes.

i) Outras medidas que as comunidades autónomas, en colaboración cos servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, e sexan debidamente xustificadas.

## 12.2.- FINANCIAMENTO

De acordo co disposto nos citados Real decreto-lei 8/2020 e 11/2020, a parte do SONF da Deputación Provincial da Coruña do exercicio 2019 aplicable ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivadas do COVID-19 concrétase na cantidade de 4.000.000,00 €, que se distribúe entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS, que son as que se indican na Base 4.1.

Esta achega provincial por importe de 4.000.000,00 € vaise consignar no orzamento provincial 2020 a través dun expediente de modificación de créditos. Por este motivo, a aprobación desta modificación das Bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial 2020 para o seu financiamento. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

## 12.3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios que se detallan na Base 4.1, á achega provincial aplicada ao financiamento deste Plan.

## 12.4.- SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta Deputación, desde o 11 de maio de 2020 ata ás 15.00 horas do 29 de maio de 2020, mediante a presentación da seguinte documentación. Non obstante, dada a situación excepcional na que nos atopamos, estes prazos poderían ampliarse mediante Resolución da Presidencia.

### **-Certificación do acordo de solicitude (Anexo XV) CONVOCATORIA POS+AD1-SOLICITUDE 2020**

**Certificación do acordo** adoptado polo órgano competente do concello, segundo o modelo Anexo XV, polo que se dispoña participar no POS+ Adicional 1/2020, aceptar expresamente as súas Bases reguladoras e solicitarlle á deputación a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivadas do COVID-19, que corresponden ás **prestacións sinaladas no artigo 1.2 do citado do Real decreto-lei 8/2020.**

Se o acordo fose adoptado por un órgano municipal distinto ao Pleno, deberá ratificarse polo Pleno na primeira sesión que se realice, e presentarse posteriormente a correspondente certificación do acordo plenario adoptado como documentación adicional, sen prexuízo do que se dispón na lexislación vixente para os municipios de gran poboación.

**-Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención de previsión de gastos sociais extraordinarios 2020 (ANEXO XVI)**

**CONVOCATORIA POS+AD1-GASTO CORRENTE 2020**

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo XVI a estas Bases, no que se conteñan os gastos sociais extraordinarios de todo o exercicio 2020, que teñan por obxecto exclusivamente facer fronte ás situacións extraordinarias derivadas do COVID-19.

Neste Anexo XVI deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

Non se incluírán os gastos xa financiados a través doutras convocatorias de subvencións desta Deputación para a mesma finalidade. E polo que se refire ao apartado b) relativo á teleasistencia, cando se trate de concellos que estean no programa da Deputación, só poderán solicitala para a prestación deste servizo para persoas recoñecidas como dependentes.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos aos que desexe aplicar o financiamento con cargo a este Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial asignada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

**12.5.- APROBACIÓN DO PLAN E PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL**

O Pleno desta deputación poderá aprobar o POS+ADICIONAL 1/2020 partindo das solicitudes presentadas polos concellos, para o que realizará os mesmos trámites previstos na Base 6, e, posteriormente transferiralles aos concellos, con carácter prepagable, a achega provincial solicitada para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivadas do COVID-19, de acordo coas previsións contidas no informe emitido segundo o modelo Anexo XVI.

**12.6.- XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN ACHEGA PROVINCIAL (ANEXO XVII)**

Unha vez que o concello realice o pago destes gastos, deberá presentar telematicamente na deputación, ata o 31 de marzo de 2021, un informe xustificativo dos pagos realizados, asinado pola Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou por quen corresponda nos municipios de gran poboación, no que se detallen, por unha banda, os pagos realizados e por outra, os dereitos recoñecidos por ingresos públicos ou privados vinculados ao gasto, coa finalidade de cuantificar o gasto realmente asumido polo concello financiado con cargo ao POS+ Adicional 1/ 2020, segundo o modelo que figura como Anexo XVII. Excepcionalmente, e en virtude da correspondente solicitude do concello, poderá ampliarse o dito prazo de xustificación mediante Resolución da Presidencia.

O importe dos pagos xustificados deberá acadar como mínimo o da achega transferida da deputación ou, no caso de que se tiveran outras subvencións, deberá acadar a suma da totalidade das subvencións.

No caso de que o importe dos pagos xustificados sexa inferior ao importe da achega da deputación transferida ao concello, ou no suposto de que o concello non presente a documentación xustificativa no prazo sinalado, iniciarase un procedemento de reintegro da cantidade que corresponda, segundo o procedemento previsto no citado artigo 70.3 do Real decreto 887/2006.

**12.7.- PRESENTACION DE INFORMACIÓN (ANEXO XVIII)**

Coa finalidade de dar cumprimento á obriga de información establecida nos apartados 3 a 6 do artigo 20 do citado Real-decreto-lei 11/2020, os concellos deberán presentar a información necesaria para realizar o seguimento da aplicación do superávit aos fins previstos, para o que deberán cumprimentar o Anexo XVIII ás Bases, cuxo contido corresponde ao formulario do Anexo III ao Real-decreto-lei 11/2020, que deberá presentarse na plataforma SUBTEL, de acordo coas instrucións que se lle facilitarán aos concellos.

### **13.- POS+ADICIONAL 2/2020 PARA A APLICACIÓN DE REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO EXERCICIO 2019, PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS CORRENTES DO EXERCICIO 2020 OU INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES DOS CONCELLOS**

Esta Base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+ADICIONAL 2/2020, para a aplicación de Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, destinado ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2020 ou de investimentos financeiramente sostibles dos concellos, como medida extraordinaria adoptada para apoiar aos concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada do COVID-19.

#### 13.1.- OBXECTO

Os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos dous seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2020, podendo optar por aplicalo libremente a un só deles ou aos dous:

- Gastos correntes do concello de todo o ano 2020, segundo se definen na Base 2.2 e concordantes.
- Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da Base 2.3 e concordantes.

#### 13.2.- FINANCIAMENTO

O importe do remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2019 que se aplica ao financiamento deste Plan ascende á cantidade de 15.000.000,00 €, que se distribúe entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS, que son as que se indican na Base 4.1.

Esta achega provincial por importe de 15.000.000,00 € vaise consignar no orzamento provincial 2020 a través dun expediente de modificación de créditos. Por este motivo, a aprobación desta modificación das Bases queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento provincial 2020. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

#### 13.3.- DESTINATARIOS

Os destinatarios deste Plan son os 93 concellos da provincia, aos que se lles asignan as cantidades que resultan da aplicación dos criterios que se detallan na Base 4.1.

#### 13.4.- SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse de xeito telemático, a través da Plataforma SUBTEL desta Deputación, desde o 11 de maio de 2020 ata as 15.00 horas do 29 de maio de 2020, salvo que o concello solicite novos investimentos non previstos no Plan Complementario, en cuxo caso para estes investimentos o prazo sería ata as 15.00 horas do 30 de xuño de 2020. Non obstante, dada a situación excepcional na que nos atopamos, estes prazos poderían ampliarse mediante Resolución da Presidencia.

A documentación que debe presentarse é a seguinte:

#### **-Certificación do acordo de solicitude (Anexo XIX) CONVOCATORIA POS+AD2-SOLICITUDE 2020**

**Certificación do acordo** adoptado polo órgano competente do concello, segundo o modelo Anexo XIX, polo que se dispoña participar no POS+ Adicional 2/2020, aceptar expresamente estas Bases e

solicitarlle á deputación a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos seus gastos correntes do exercicio 2020 e/ou de investimentos financeiramente sostibles

Se o acordo foi adoptado por un órgano municipal distinto ao Pleno, deberá ratificarse polo Pleno na primeira sesión que se realice, e presentarse a correspondente certificación como documentación adicional, sen prexuízo do que se dispón na lexislación vixente para os municipios de gran poboación.

**-Informe da Intervención ou Secretaría-Intervención de previsión de gastos correntes 2020 (ANEXO IV)**

**CONVOCATORIA POS+AD2-GASTO CORRENTE 2020**

Informe elaborado pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, segundo o modelo que figura como Anexo IV a estas Bases, no que se conteña unha previsión para o exercicio 2020 dos gastos correntes directamente asociados ao funcionamento dos servizos públicos obrigatorios en cada concello segundo o establecido na lexislación vixente.

Neste Anexo IV deberá detallarse a cantidade que efectivamente financia o concello, excluíndose polo tanto o importe doutros ingresos públicos ou privados asociados á realización deses gastos, coa finalidade de que non exista un exceso de financiamento.

O concello deberá cubrir neste Anexo unicamente os datos dos gastos aos que desexe aplicar o financiamento con cargo a este Plan, sempre que como mínimo acaden o importe da achega provincial asignada, non sendo preciso cubrir os datos de todos os gastos que figuran no Anexo.

**- Investimentos financeiramente sostibles ( ANEXO XX ou Documentación Base 5.B.3)**

**CONVOCATORIA POS+AD2-OBRASSUM 2020**

Se se trata de Investimentos financeiramente sostibles xa previstos no Plan Complementario á solicitude presentada no POS+ 2020, unicamente debe presentar unha Declaración da Alcaldía confirmando que os proxectos e demais documentación son os mesmos, segundo o modelo Anexo XX. No suposto de que o investimento incluído no Plan Complementario ao POS+ 2020 estivese sometido a condicións que aínda non estivesen declaradas cumpridas, o concello poderá solicitar a aplicación ao dito investimento desta maior achega provincial, pero na aprobación que realice esta deputación seguirá igualmente condicionado, e non se poderá contratar nin executar ata que esta deputación, á vista da documentación que presente o concello, declare o seu cumprimento.

Se se trata de novos Investimentos financeiramente sostibles non previstos no Plan Complementario ao POS+ 2020, deberá presentarse toda a documentación indicada na Base 5.B.3

**13.5.- APROBACIÓN DO PLAN, PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL PARA GASTOS CORRENTES E EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES**

O Pleno desta deputación poderá aprobar o POS+ADICIONAL 2/2020 partindo das solicitudes presentadas polos concellos, para o que realizará os mesmos trámites previstos na Base 6.

A achega provincial destinada ao financiamento dos gastos correntes ten carácter de prepagable e pouco despois da aprobación do Plan será transferida aos concellos para o financiamento dos gastos concretados no informe emitido segundo o modelo Anexo IV. O seu pago e xustificación realizarase de acordo co previsto na Base 9.2.

A contratación e a execución dos investimentos financeiramente sostibles realizarase segundo o disposto nas Bases 7, 8 e 9, aínda que o prazo previsto para a contratación rematará o 30 de novembro de 2021 e o prazo para a execución o 30 de novembro de 2022.

**A N E X O X V**

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO  
POS+ADICIONAL 1/2020 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS  
DERIVADOS DO COVID-19**

**“POS+ ADICIONAL1/ 2020”**

D. / Dna. \_\_\_\_\_

Secretario/a do Concello de \_\_\_\_\_

**C E R T I F I C A :** Que ..... (indicar o órgano) deste concello, na sesión realizada o día \_\_\_/\_\_\_/2020 adoptou o seguinte acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 1/2020”** da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	..... €
---	---------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19  Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020  (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS  (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia			
b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.			

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19</b>  <b>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020</b>  <b>(A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>  <b>(B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
d) Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			
e) Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario			
f) Adquisición de medios de prevención (EPI).			
g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.			
h) Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas cuidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes			
i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.			
<b>T O T A L</b>			

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil vinte.

V. pr.  
A Alcaldía

**ANEXO XVI**

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)**

**POS+ ADICIONAL 1/ 2020  
POR APLICACIÓN DE PARTE DO SUPERAVIT DE OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS**

**INFORME DA INTERVENCIÓN OU SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 NO EXERCICIO 2020**

<b>CONCELLO</b>	
<b>DATA</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME</b>	

De acordo co esixido na Base 12 das reguladoras deste Plan, emítese este informe relativo aos gastos sociais extraordinarios derivadas do COVID-19, incluídos **nas prestacións do artigo 1.2 en relación co artigo 3 do Real decreto-lei 8/2020**, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, (BOE nº 73 do 18 de marzo de 2020), e en relación co artigo 20 do Real decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19. ( BOE Nº 91 do 1 de abril de 2020).

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS  DERIVADOS DO COVID-19  Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020  (A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS  (B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia			
b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.			



<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>  <b>DERIVADOS DO COVID-19</b>  <b>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020</b>  <b>(A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>  <b>(B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b> <b>(Pode ser superior ao importe solicitado)</b> <b>(A-B)</b>
d) Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			
e) Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario			
f) Adquisición de medios de prevención (EPI).			
g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.			
h) Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas cuidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentais e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes			
i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.			
<b>T O T A L</b>			

**ANEXO XVII**

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)**

**POS+ ADICIONAL 1/ 2020  
POR APLICACIÓN DE PARTE DO SUPERAVIT DE OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS**

**INFORME SOBRE XUSTIFICACIÓN DOS GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 NO EXERCICIO 2020**

<b>CONCELLO</b>	
<b>DATA</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME</b>	

De acordo co esixido na Base 12 das reguladoras deste Plan, emítese este informe relativo á xustificación dos gastos sociais extraordinarios derivadas do COVID-19, incluídos **nas prestacións do artigo 1.2 en relación co artigo 3 do Real decreto-lei 8/2020**, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, (BOE nº 73 do 18 de marzo de 2020), e en relación co artigo 20 do Real decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19. ( BOE Nº 91 do 1 de abril de 2020).

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19  Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PAGOS REALIZADOS 2020  (A)</b>	<b>DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS PUBLICOS OU PRIVADOS  (B)</b>	<b>GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia			
b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria			
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.			

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19</b>  <b>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PAGOS REALIZADOS 2020</b>  <b>(A)</b>	<b>DEREITOS RECOÑECIDOS POR INGRESOS PUBLICOS OU PRIVADOS</b>  <b>(B)</b>	<b>GASTO REALMENTE ASUMIDO POLO CONCELLO</b> <b>(Pode ser superior ao importe solicitado)</b> <b>(A-B)</b>
d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados			
e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario			
f)Adquisición de medios de prevención (EPI).			
g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.			
h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas cuidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentais e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes			
i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.			
<b>T O T A L</b>			



**A N E X O   X I X**

**CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN  
ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2020**

**POS+ADICIONAL 2 /2020**

D. / Dna. \_\_\_\_\_  
 Secretario/a do Concello de \_\_\_\_\_

**C E R T I F I C A :** Que ..... (indicar o órgano) deste concello, na sesión realizada o día \_\_/\_\_/2020 adoptou o seguinte acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2020”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>TOTAL</b>			

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>TOTAL</b>			

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

**C ) Resumo:**

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes			
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020			
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020			
<b>TOTAL</b>			

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en \_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de dous mil vinte.

V. pr.  
A Alcaldía

**ANEXO XX**

**PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)**

**POS+ ADICIONAL 2/2020**

**DECLARACIÓN DA ALCALDÍA SOBRE O INVESTIMENTO PREVISTO NO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS+ 2020**

<b>CONCELLO DE</b>	
<b>DATA</b>	
<b>NOME E CARGO DA PERSOA QUE ASINA O INFORME</b>	
<b>DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE</b>	
<b>ORZAMENTO DO INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE</b>	

**DECLARO QUE:**

1.- Este concello confirma a inclusión no POS+ ADICIONAL 2/2020 do investimento indicado, que xa figuraba incluído no POS+ 2020 Complementario aprobado con carácter de reserva, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2.- O proxecto da obra ou prego da subministración, e os demais documentos requiridos nas Bases, son os que este concello presentou no seu momento na convocatoria POS+ 2020 Complementario.